

ACTA Nº 2017/3**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN****- SALÓN DE SESIONS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 15 DE XUÑO DE 2017 -**

O día 15 de xuño de 2017, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

ASISTEN:

BNG

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

JOSÉ MANUEL SOTO SÁNCHEZ

IRIA COUCE REGO

JUAN CARLOS RODRÍGUEZ LAGO

PP

JORGE GONZÁLEZ ANEIROS

AQUILINO SEIRAS DOPICO

ROCÍO LUACES ANTON

AUSENCIAS:

PP

XULIO CRIBEIRO GRACIA

SECRETARIA- INTERVENTORA:

MARÍA CONSOLACIÓN COUCE CALVO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión e, a continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, ordinario de 20 de abril de 2017**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación a acta da sesión ordinaria de 20 de abril de 2017

2.- Dación de contas das resolucións da alcaldía

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucións adoptadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 13 de abril e o 9 de xuño de 2017, é que son as seguintes

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data
2017/G003/000025	AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DE MESAS NO LATERAL DA NAVE DO POLBO O DÍA 23 DE ABRIL DE	00058/2017	20/04/2017

	2017		
2017/G003/000026	CANCELACIÓN FIANZA DEFINITIVA DE CONTRATO DE OBRAS	00046/2017	20/04/2017
2017/G003/000027	SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN PARA A CLIMATIZACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE ABADÉ	00047/2017	21/04/2017
2017/G003/000028	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2016, XERACIÓN DE CRÉDITOS POR NOVOS INGRESOS	00048/2017	24/04/2017
2017/G003/000029	AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DUNHA VODA NO CASTELO	00049/2017	24/04/2017
2017/G003/000030	AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DUNHA VODA NO CASTELO	0050/2017	24/04/2017
2017/G003/000031	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO DE CONDUTOR/OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS.	00051/2017	26/04/2017
2017/G003/000032	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00052/2017	27/04/2017
2017/G003/000033	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00053/2017	28/04/2017
2017/G003/000034	APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO DE CONDUTOR/OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00054/2017	05/05/2017
2017/G003/000035	MODIFICACIÓN DO SALDO INICIAL DE DEREITOS RECOÑECIDOS DE EXERCICIOS PECHADOS	00055/2017	09/05/2017
2017/G003/000036	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2017 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS POR NOVOS INGRESOS	00056/2017	9/05/2017
2017/G003/000037	APROBACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO PARA A PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS, DE POSTOS DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00057/2017	1/05/2017
2017/G003/000038	CONCESIÓN DE LICENCIA PARA A TENENCIA DE ANIMAL CONSIDERADO POTENCIALMENTE PERIGOSO	00059/2017	23/05/2017
2017/G003/000040	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDUTORA DE	00062/2017	23/05/2017

	PRESIÓN E OUTRAS MELLORAS NA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO		
2017/G003/00004 1	CONCESIÓN DE LICENCIA PARA A TENENCIA DE ANIMAL CONSIDERADO POTENCIALMENTE PERIGOSO	00060/20 17	23/05/20 17
2017/G003/00004 2	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO NA PISCINA DURANTE A TEMPORADA DE VERÁN 2017	00061/20 17	23/05/20 17
2017/G003/00004 3	PAGAMENTO DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POLOS TRABALLADORES DO CONCELLO	00063/20 17	24/05/20 17
2017/G003/00004 4	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA UN PROXECTO DE INICIATIVA LOCAL DESTINADA A XUVENTUDE	00064/20 17	24/05/20 17
2017/G003/00004 5	APROBACIÓN PADRÓN FISCAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SERVIZO DE SUMIDOIRO, CORRESPONDENTE AO 5º BIMESTRE DE 2016	00065/20 17	4/05/201 7
2017/G003/00004 6	AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTA DE SAN XIAO-LABACENGOS	00066/20 17	24/05/20 17
2017/G003/00004 7	AUTORIZACIÓN ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO	00067/20 17	24/05/20 17
2017/G003/00004 8	APROBACIÓN DAS BASES ESPECIFICAS QUE REGULARAN A CONTRATACIÓN DE PERSOAL O ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	00068/20 17	29/05/20 17
2017/G003/00004 9	SOLICITUDE RECOÑECIMENTO DE SERVIZOS PREVIOS	00069/20 17	30/05/20 17
2017/G003/00005 1	CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA ACUMULACIÓN DO PERÍODO DE LACTANCIA A UNHA FUNCIONARIA MUNICIPAL	00070/20 17	30/05/20 17
2017/G003/00005 2	AUTORIZACIÓN DE USO DO LOCAL "NAVE DOS TECIDOS" DA FEIRA	00072/20 17	31/05/20 17
2017/G003/00006 0	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2017, DE XERACIÓN DE CRÉDITOS POR NOVOS INGRESOS	00078/20 17	6/06/201 7
2017/G003/00005 6	AUTORIZACIÓN A PERSOAL MUNICIPAL PARA ASISTENCIA A UN CONGRESO	00079/20 17	07/06/20 17
2017/G003/00005 6	AUTORIZACIÓN A PERSOAL MUNICIPAL PARA ASISTENCIA A UN CURSO DE FORMACIÓN DO PROGRAMA DE NOMINAS	00080/20 17	07/06/20 17

3.- Aprobación, se procede da modificación do plan de investimentos para o exercicio de 2017 e do expediente de modificación de créditos 5/2017 de créditos extraordinarios e suplementos de créditos no que se recolle a citada modificación

Sometese a consideración da corporación a proposta da Alcaldía que se transcribe e que foi informada favorablemente pola comisión especial de Contas

“Por esta Alcaldía considerase necesario a realización, durante este ano, dunha serie de pequenos investimentos que non están previstos no presuposto municipal para o exercicio 2017 e polo tanto non existe crédito para os mesmos, e que entendemos que implicarían unha importante mellora para a vida dos veciños do Concello, todos eles financiados con cargo a recursos propios.

E por elo que se fai necesario modificar o anexo de inversións previsto no presuposto de 2017 e, consecuentemente, proceder aprobar a modificación de créditos n.º 5/2017 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, que ampararían a citada modificación

Visto que con data 8 de xuño de 2017, emitiuse Memoria da Alcaldía na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 9 de xuño de 2017, emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto igualmente que nesa mesma data emitiuse Informe de Avaliación do Cumprimento de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Pola Alcaldía propónse a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do anexo de inversións previsto no presuposto de 2017 que quedaría recitado como sigue:

CODIGO IDENTIF	DENOMINACION DO PROXECTO	CREDITO PRESUP.	IMPORTE ANUAL
0809	Redacción planeamento	150-227-00	19930,67
1510	Substitución da cuberta da nave de gando do campo da feira de San Ramón	430-632-02	75329,76
1603	PAS mellora camiños vigo-casalousada, San Ramón Balocos O pumariño e outros	1532-619-00	42350,00
1604	PAS mellora exteriores colexio	171-637-00	44436,19
1605	compra terreos local social	327-621-00	8000,00

1606	Adecuacion locais sociais e culturais	333-627-00	82468,75
1607	PAS Acondicionamento de melloras na area recreativa e no entorno do castelo	171-637-00	69504,53
1621	Pasarela castelo	432-62900	6200,00
1627	Instalación reductora a presion e outras milloras rede de auga	1722-627-00	22173,49
1628	Formación de bases e cerramentos para colectores de residuos	1722-627-00	38675,18
1701	POS 17 Pavimentacion mellora de camiños da rede viaria municipal	1532-619-00	65000,00
1702	POS 17 mellora saneamento	160-619-00	36000,00
1703	Pos complementario eficiencia enerxetica e iluminacion publica	165-627-00	74900,00
1704	Plan marco Agader	454-619-00	67260,27
1705	Cuberta polideportiva	342-632-00	104996,15
1706	Mellora e acondicionamento do recinto feiral e instalacions	4312-627-00	107738,07
1708	Adquisicion terreos aparcamento piscina	459-621-00	6000,00
1709	Adquisicion terreos foxa saneamento Abade	160-621-00	2000,00
1710-1	Programa obras municipais.- Pavimentacion e acondicionamento de vias	1532-619-00	56200,00
1710-2	Programa obras municipais.- melora instalacions deportivas	342-622-00	8000,00
1710-3	Programa obras municipais.- mellora Instalacion culturais	333-622-00	6000,00
1710-4	Programa obras municipais.- Ampliación rede de auga	161-609-00	7000,00
1710-5	Programa obras municipais.- Adquisicion equipamento cultural	333-623-00	4000,00
1710-6	Programa obras municipais.- Millora sinalización viaria	150-629-00	8000,00
1710-7	Programa obras municipais.- Adquisición mobiliario urbano	150-629-00	4000,00
Total.....			929163,06

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2017 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario/ suplemento de crédito, financiado con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións como sigue a continuación¹:

As aplicacións² que deben crearse ou suplementarse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO			
Partida Orzamentaria	Importe	Partida de gastos a minorar	Importe
150-629-00	12000,00	1532-619.00	-12000,00
161-609-00	7000,00	1532-619.00	-7000,00

1

2

333-622-00	6000,00	1532-619.00	-6000,00
333-623-00	4000,00	1532-619.00	-4000,00
342-622-00	8000,00	1532-619.00	-8000,00
Total	37000,00	total	-37000,00

2. º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a baixas de créditos doutras aplicacións de gastos

Partida	Crédito inicial	Baixa	Crédito definitivo
1532-619-00	205.000,00	-37.000,00	168.000,00

TERCEIRO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas».

Aberto o debate interven **D. Rocio Luaces Antón** que pregunta en que sitios se vai a realizar a ampliación da rede de auga prevista no expediente de modificación de créditos que se aprobou, resposta a Sra. Alcaldesa indicando que se vai a empezar por Vilapedre e Graña que son dous lugares en que todos os veciños están interesados e dispostos a darse de alta na acometida, en función das posibilidades económicas do concello iran se analizando as solicitudes presentadas polos veciños

O Pleno da Corporación, por unanimidade prestou a súa aprobación a proposta antedita

4.- Actividade de control dos órganos de goberno

Aberta a queda intervencións prodúcense as seguintes:

D. Rocio Luaces Antón

- Pregunta que onde se van a comparar os terreos para o local social, resposta a Alcaldesa indicando que na parroquia de Labacengos, a Sra. Luaces Antón indica que hai outros lugares que teñen tamén necesidade como San Xoán, San Ramón e Santa Cruz, a Alcaldesa manifesta que se da prioridade as parroquias onde non hai un lugar para facer actividades culturais, Labacengos ten unha asociación de veciños moi activa con mais de 200 socios e

non ten local para actividades culturais, San Xoán, San Ramón e Balocos teñen moitos locais onde facer actividades e San Xoán comparte moito co Val de Moeche e Santa Cruz hai un local e estamos negociando con eles.

- Pregunta que marcou o sitio onde van os colectores de lixo, ten constancia de que houbo un que tiveron que cambialo de sitio, resposta o Sr. Lago Tuimil indicando que van nos sitios que se consideran mais axeitados e que efectivamente un houbo que cambialo de sitio, a alcaldesa sinala que se vai a cambiar o percorrido do servizo de recollida de lixo e nalgúns sitios onde antes se pasaba nunha dirección agora vaise a pasar na outra e que as bases dos colectores de lixo colocáronse en función dese novo percorrido
- Continua a Sra. Luaces Antón indicando que hai moitos colectores de lixo que sobran, resposta a Sra Alcaldesa sinalando que se reduxo o número de colectores de lixo cando chegamos había 350, onde había dous pequenos puxemos 1 grande e tamén elimináronse moitos , intentouse racionalizar tanto o cobro do lixo, que moita xente non pagaba, como no número de colectores de lixo pero hai que cumprir a ordenanza de ter un colector a menos de 100 m da vivenda

D. Beatriz Bascoy Maceiras

- Indica que quere dar resposta a pregunta formulada por D. Rocio Luaces Antón na sesión anterior sobre dúas facturas de Electrosito S.L. aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión de 27 de febreiro por importe de 1.554,52 e 2.178,00 €, sinalando que a factura de 2.178,00€ correspondese coa mensuralidade do contrato de mantemento das instalacións eléctricas e a de 1554,52 coa reparación dos danos causados na rede de alumeadado polo temporal do 4 de febreiro, quere precisar que no contrato suscrito coa empresa Electrosito recollense as tarifas de prezos que pode aplicar polas reparacións extraordinarias e se inclúe a gratuidade de 4 eventos municipais o que implica un considerable aforro , sen animo de crítica o prezo da man de obra actual e de 17,86 €/h no 2014 era entre 20 e 40 €/h, a hora de cesta camiión pagámola a 39,57 € e no 2014 pagábase a 69,45, a instalación de 8 luminarias de 150 w custou no ano 2014, cun 16% de IVE, 5.196,00, agora, cun 21% de IVE incluído pagariamos 2.964,80. Intervén o Sr. **Sueiras Dopico** para dicir que e mellor deixar o pasado e empezar a traballar de novo, ¿porque vamos a falar do que non ten amaño?. Toma a palabra igualmente o **Sr. Gonzalez Aneiros** indicando que as cousas eran mais caras de aquela, ademais agora non esta presente o Sr. Cribeiro era el quen estaba naquela época, queriamos información sobre unha factura, non fai falla volver para atrás, pero si queredes falar do pasado pois vale, falade. Resposta a **Sra Alcaldesa** sinalando que cando lle fan unha pregunta gústalle contestar con todos os datos dos que dispón

E non habendo mais asuntos a tratar e sendo as 20 horas e 35 minutos do día indicado no encabezamento pola Presidenta levántase a sesión da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.



A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras